

## O DIARIO VIOLETA DE CARLOTA

Gemma Lienas

Ed Galaxia, 2011

Quen inventou que, en asuntos amorosos, os rapaces teñan que tomar a iniciativa? Por que está mal visto que choren os rapaces? E por que non pueden mostrar que teñen medo? Por que é máis importante o aspecto físico das rapazas que o dos rapaces? Carlota descobre tamén o horror das cifras: o 70% dos pobres da Terra son mulleres... O diario violeta de Carlota é unha guía subversiva que nos invita a reflexionar –as veces con humor, outras con rabia e moitas veces con impotencia sobre a situación da muller no mundo actual e nos anima a continuar a cadea violeta. Para descubrir situacións inxustas coa muller e para detectar cando actuamos según uns modelos impostos, necesitas as lentes de cor violeta. Ponas!



## DRAGAL II

Elena Gallego Abad

Ed Xerais, 2011



Coa policía investigando o estraño roubo da igrexa de San Pedro, Mónica preparase para acudir a súa cita na Poza da Moura. A rapaza non sabe aínda que a noticia da desaparición de Adrián corre pola vila coma un regueiro de pólvora nin que alguén vivía preto os seus pasos. Mentras aguarda por ela, Dragal descobre, por primeira vez na súa milenaria existencia, a limitación dos seus poderes. Para recuperar o seu lugar privilexiado na escala biolóxica, o dragón ten que absorber a materia gris do cerebro de Adrián e acadar a simbiose da súa alma. Se consegue humanizarse o mundo será seu, pero no caso contrario... Na búsqueda dunha milagre que os axude a salvar o seu amigo, Mónica e Don Jorge deberán desvelar as claves ocultas na milenaria igrexa de San Pedro. Entón descubrirán que, para cumprir os designios da profecía, os cabaleiros da Orde de Dragal xa iniciaron o seu regreso.



# NOVIDADES BIBLIOTECA

## IES O COUTO



## LIBROS DE NOVIDADES EN GALEGO

### DENÉBOLA A ROXA

Héctor Cajaraville  
Ed Baía, 2016


O 15 de marzo de 1600, o mesmo día en que fai quince anos, Denébola recibe a noticia de que o seu pai decidiu enviala como noviza a un convento de clausura. Pero a moza, que comparte nome cunha das estrelas máis brillantes da constelación de Leo, loitará por un futuro máis luminoso ca este que o seu pai, o poderoso señor de Mourentán, elixiu para ela. Denébola a Roxa é unha novela de aventuras de estrutura áxil e dinámica, que relata o desafío dunha muller brava nun mundo de homes. Un exemplo de como a afouteza e a perseveranza conseguen derrubar todas as barreiras..



### O ACHADO DO CASTRO

Manuel Núñez Singala  
Ed Galaxia, 2014

O autor lévanos á Roma antiga, mais faino xogando coa lingua obrigando a que os personaxes falen coma nós, con termos de hoxe en día, o que nos leva a situacións moi cómicas desde un "Latín" un chisco especial. Como boa historia romana, hai un emperador, que é de todo agás espelido, soldados, filósofos barbudos e sabios, e... unha historia de amor. Humor, situacións inauditas e, sobre todo, unha lectura engaiolante.



### OS NENOS DA VARÍOLA

María Solar  
Ed Galaxia, 2017



Sen dúbida, estamos diante da novela máis ambiciosa e lograda de María Solar. Desta volta achégase a unha das aventuras máis importantes da historia da humanidade, protagonizada por uns nenos que non tiñan idea de facerse heroes. Aínda que o foron. Nos seus pequenos corpos, brazo a brazo, levaron a vacina da varíola a América. Sacados dos hospicios da

Coruña, Santiago e Madrid, cruzarán o Atlántico formando parte da Expedición do doutor Balmis e na que unha muller fascinante, Isabel Zandal, xogará un apel determinante.

### UNHA ESTRELA NO VENTO

Leticia Costas  
Ed Xerais, 2000

Unha estrela no vento é a historia de Miguel Foz, un estudante dun instituto vigués de bacharelato de dezasete anos. Comproba como o seu mundo derrúbase dun día para outro; farto do seu pai, da súa profesora de literatura, de toda a xente que o rodea, síntese que é diferente a todos. Recibe



### A CAIXIÑA DOS RANCORES

Héctor cajaraville  
Ed Xerais, 2016

A xuíza Felpeto, acabada de chegar á localidade costeira de Valdomar, revoluciona a vila coas súas orixinais sentenzas. Cando Estevo é obrigado a pasar todo o verán visitando a Chiruca, a anciá a que atropelara co seu ciclomotor, imaxina unhas soporíferas xornadas aturando as historias daquela muller que cruzara polo paso de ceбра sen mirar. Pero todo cambia cando a casualidade fai que o mozo descubra un segredo que ten na súa cerna a Chiruca e que ela mesma descoñece. Coa axuda de Paula, a noiva de Estevo, o nobelo daquel misterio irase desenredando ao mesmo tempo que xorde entre os tres protagonistas unha relación tan profunda comoinesperada, que pasa por riba da diferenza de idade e que demostra que a amizade verdadeira non entende de prexuízos nin de convencionalismos.

